

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A rápida evolución das sociedades actuais e as súas múltiples interconexións esixen o desenvolvemento daquelas competencias que axuden os individuos a practicar unha cidadanía independente, activa e comprometida coa realidade contemporánea, cada vez máis global, intercultural e plurilingüe. Nas sociedades actuais, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo intercultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta esencial no desenvolvemento desa cultura democrática. A comunicación en máis dunha lingua favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas, ampliando as perspectivas do alumnado.

A área de Lingua Estranxeira na etapa da educación primaria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa básica na lingua estranxeira, así como o desenvolvemento e enriquecemento da conciencia intercultural do alumnado. No caso de Galicia, o desenvolvemento da competencia plurilingüe vese favorecido pola coexistencia das dúas linguas, castelá e galega, e das respectivas culturas, o que lle permite ao alumnado aprender e usar distintas linguas ao mesmo tempo, practicar o respecto polas diferenzas entre elas e atopar as similitudes, supoñendo esta experiencia un enriquecemento para a persoa. A área de Lingua Estranxeira axudará a favorecer a empatía, desenvolver a curiosidade polo coñecemento doutras realidades sociais e culturais practicar o respecto polas diferenzas e facilitar a competencia comunicativa intercultural a partir da relación do alumnado cos falantes doutras linguas.

As ferramentas dixitais posúen un potencial que favorece o seu aproveitamento para reforzar a aprendizaxe e o ensino das linguas e culturas estranxeiras. O uso adecuado, seguro e responsable da tecnoloxía supón un elemento de aprendizaxe moi relevante nesta área.

Os obxectivos da área de Lingua Estranxeira na educación primaria constitúen o punto de partida na aprendizaxe formal de idiomas. Pártese dun estadio aínda moi elemental da linguae estranxeira, será imprescindible facilitar a participación do alumnado en actos de comunicación sinxelos. Os obxectivos da área de Lingua Estranxeira tamén inclúen o fomento do aprecio pola diversidade lingüística, artística e cultural entre o alumnado co fin de que aprenda a xestionar situacións comunicativas interculturais.

Os criterios de avaliación da materia determinan o grao de adquisición dos obxectivos por parte do alumnado, polo que se presentan vinculados a eles. A nivelación dos criterios de avaliación está baseada no Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), pero axustados á madurez e o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado da etapa de educación primaria. Estrutúranse en tres bloques: comunicación, plurilingüismo e interculturalidade.

O proceso de aprendizaxe do alumnado será dinámico e continuado, flexible e aberto, e debe adecuarse ás súas circunstancias, necesidades e intereses.

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello De Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. Conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares construídas nos últimos anos, vivendas de nova construción próximas ao centro e o nivel socio-económico é, en xeral, medio-alto.

En primeiro, temos dous grupos: 1º A e B, de 17 alumnos e alumnas en cada grupo.

Este curso escolar debido a problemas de espacio o alumnado permanece na propia aula e será a mestra quen acuda para a clase de lingua estranxeira. A mestra lamenta esta circunstancia xa que son moitas as ventaxas académicas, didácticas e de organización que conleva a existencia dun aula de inglés.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	I love school.	Vocabulario e expresións de uso habitual na aula; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role-plays, memory game con tarxetas de imaxes, dominós de imaxes, paseos polo colexio, interior e exterior; xogos interactivos en formato dixital.	10	8	X		
2	Project: This is autumn.	Vocabulario e expresións relacionados co outono: froita, o tempo climatolóxico, a natureza arredor, cores, celebracións tradicionais neste tempo coa comparación entre culturas:Halloween/Samaín e Magosto. Actividades no exterior: paseos pola contorna,recollida de materiais da natureza e elaboración na aula dun mural. Canción relacionada co tema do proxecto. Storytelling e dramatización.	10	8	X		
3	Move your body.	Vocabulario sobre as partes do corpo. Accions relacionadas con elas.Seguir instrucións e ordes sinxelas.(Toca a cabeza, toca os xeonllos) Producir mensaxes orais relacionadas co corpo. Escoiatar e ver un video:"Hockey Pockey" e imitar as mesmas accións coas partes do corpo. Canción moi sinxela : "Keep moving"	10	8	X		
4	All about my Christmas.	Escoller tres cancións sinxelas e populares de Nadal.Vocabulario sinxelo relacionado (nadal,xoguetes) escoitar, cantar, dramatizar. Video clip feito polo alumnado coas cancións aprendidas e con felicitacións de Nadal.	10	6	X		
5	Hobbies	Expresando habilidades usando can and cannot relacionandoo coas súas afeccións. (leer,cantar,bailar,xogar a algun deporte, tocar algun instrumento....) Storytelling e canción relacionada co tema. Performing actions.	10	8		X	
6	A winter walk. Carnival is coming!	Vocabulario relacionado coa roupa e o Entroido.Video sobre o Carnaval de Notting Hill. Farán desfile con roupa que non usen e despois donaranna á caridade.Os alumnos e alumnos comentarán o que levan posto os compañeiros. Elaboración de pequenos cortos de video	10	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A winter walk. Carnival is coming!	no que cada alumno/a describirá o que leva posto.	10	8		X	
7	I have a pet.	Vocabulario relacionado cos animais domésticos e salvaxes. Números e cores. Preposicións in , on , under. Online game: discover the animal. Mimo. Bingo. Domino de animais. Listening, picture dictation. Canción "I have a pet". Describir as súas mascotas ou peluches.	15	8		X	
8	Let's go on a picnic	Vocabulario relacionado coa comida. Expresar like e do not like. Conto: "Ketchup on my cornflakes". Story telling e visualización da online story. Xogo e canción relacionado co conto	15	8			X
9	Trip to London	Facemos unha viaxe por Londres. Recorremos os seus monumentos máis icónicos. Planeamos a visita con axuda da web. Vocabulario relacionado coa cidade. Rap Big Ben is not a person. Story telling. Online story about London. Board game. London Map.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	I love school.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar e despedirse.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.

UD	Título da UD	Duración
2	Project: This is autumn.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresión habituais en textos orais breves e sinxelos.	TI	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado usando recursos verbais e non verbais.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	Move your body.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar información básica	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes moi breves e sinxelos de forma guiada.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns apoiándose en recursos como a repetición.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais inguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	All about my Christmas.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	TI	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiáns e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

Contidos
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
5	Hobbies	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada.	PE	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.	TI	50
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas.

UD	Título da UD	Duración
6	A winter walk. Carnival is coming!	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
7	I have a pet.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves.	PE	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.	TI	50
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
8	Let's go on a picnic	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	TI	50
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	Trip to London	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.	PE	50
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas cotiáns.	TI	50
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.

Contidos

- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a primeiro de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos...
- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas. Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase como un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales como xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, con-testar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral. Este tipo de actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a

información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.

- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.

-Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.

-Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.

-Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Páxinas web de xogos online.
2- Historias e contos publicados na rede.
3-Xogos de mesa.
4-Xogos físicos.
5-Libros de lectura.
6-Posters e murais.
7-Ferramentas de elaboración de materiais.
8-Encerado dixital interactivo -smart board.
9-Use dos medios audiovisuais que conte a escola.
10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11-Videos.
12-Rimas e cancións.
13-Actividades DUA.

NOTA: neste apartado 4.2. Materiais e recursos, aparecerá un agrupamento dos diversos materiais e recursos que podemos utilizar no nivel de 1º.

Citamos algúns exemplos:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/fun-games>.

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/farm-domestic-animals-vocabulary-esl-memory-game/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

<https://www.funenglishgames.com/>

Types of games:

-Memory.

-Drag it.

-Teacher Carmen says .

-Match it.

-Guess it.

-What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"Winnie the witch" https://www.youtube.com/watch?v=PXVpFmsF_Ks

"Pete the cat and the missing cupcakes" <https://www.youtube.com/watch?v=1mbrEhOmow0>

"Not now, Bernard" https://www.youtube.com/watch?v=cNZFI_2TDOo

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

* adiviñar a tarxeta;

* memory game;

* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

+ xogos de rol.

+ xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos, é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos: Paddington

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

10- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

11- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

Cancións:

"All together now" Beatles.

"Hello, Goodbye" Beatles.

"Baa ,Baa, Black Sheep"

"Count to one hundred"

Rimas:

"See you later, alligator!"

"Head, shoulders, knees and toes!"

"Humpty Dumpty"

12- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

- ¿ Libros da biblioteca de aula: libros de texto, caderno do alumno/a, diccionario¿
- ¿ Fichas elaboradas polo/a mestre/a.
- ¿ Fichas sacadas de libros de texto ou doutros libros.
- ¿ Fichas sacadas de diversos materiais didácticos.
- ¿ Fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade.
- ¿ Láminas, cards¿
- ¿ Cadea musical.
- ¿ Encerado dixital.
- ¿ Portatil, proxector, acceso a internet para realizar diferentes actividades e desenvolver a Competencia Dixital.
- ¿ CDs audio, CD-ROMs de recursos didácticos, DVDs, webs 2.0.
- ¿ Materiais complementarios.
- ¿ Aula Virtual
- ¿ Web dinámica CEP Sequelo
- ¿ E-mail
- ¿ Vídeos de: Youtube, ESL games¿
- ¿ Lecturas: Lyrics training, Wordcloud, Storyline Online¿
- ¿ Cuestionarios: Kahoot, Quizizz, Learningapps, Educaplay, Quizlet
- ¿ Webs con xogos/fichas interactivos: British Council¿
- ¿ Webs/blogs específicos de Inglés.
- ¿ Class tools, Genialy, Educandy

reading corner: diferentes tipos de libros en Inglés adecuados a nuestros alumnos.....

training corner: flashcards, pictures, worksheets, different games...

ICT corner .

Dramar corner

Tarxetas, parchís, ladder and snakes, memory cards...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comezo do curso farase unha avaliación de diagnose centrada para coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación , escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	15	15	10	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación estableceuse utilizando:

- Procedementos e evidencias observación sistemática, posta en común, presentacións, representacións tipo role plays, pequenas representacións teatrais, análise do portfolios do alumnado e outros.
- Instrumentos: táboas de indicadores que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e probas orais.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma e progresivo polo que ao inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menor seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe. En consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e decidir a cualificación para cada alumno/a .

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Lembramos o carácter cíclico da materia co cal a adquisición é progresiva (temos en conta distintos centros de interese, motivación, ritmo de aprendizaxe, nivel madurativo).

Así mesmo lembramos o carácter acumulativo que se lle supón á aprendizaxe dunha lingua, co cal a reciclaxe de léxico, estruturas, técnicas...é continua.

Apoios individualizados na clase, reforzos educativos, material de revisión son algunhas das medidas que adoptamos.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras, sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de tableiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

* Nenos e nenas con dificultade de aprendizaxe:

-Incluílos en actividades colectivas,de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado as súas capacidades e circunstancias.

*Nenos e nenas con trastornos de conducta:

Buscar a coordinación co equipo de profesorado e orientadora do centro de tal xeito que podamos incluílo nas actividades de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.			X		X			
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X			X		X		X
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.		X					X	
ET.4 - Educación para a saúde			X					X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X	X		X	
ET.6 - Educación medioambiental		X				X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a prevención de accidentes e educación viaria			X					

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	
ET.2 - Os dereitos da infancia.	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos.	X
ET.4 - Educación para a saúde	
ET.5 - Educación emocional e en valores	
ET.6 - Educación medioambiental	
ET.7 - Educación para a prevención de accidentes e educación viaria	X

Observacións:

Observacións:

Inspirámonos no artigo 17 do Currículo de Educación Primaria para clasificar os elementos transversais que pretendemos abordar (en maior ou menor grado).

Entendemos tamén que pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante aboralo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

En calquera caso, a mestra encargada da materia manterá contacto estreito co titor ou titora para atopar a coordinación precisa. E, en definitiva, o tratamento de todos os tópicos e temas previstos para o curso escolar desenvolverán unha sensibilidade crítica capaz de desvelar calqueira estereotipo sexista, clasista ou racista de xeito que se fomente na clase unha mentalidade aberta e de respecto cara todos.

Asimismo, e tal e como xa comentamos, trataremos de aproveitar calqueira ocasión que se presente para establecer liñas de respecto a todo tipo de familias, de hábitos de hixiene e saúde, de respecto e coidado do material, de actitudes ecolóxicas, de boas maneiras no trato cos demais, de actividades de ocio e deporte, de educación para a paz, de educación viaria, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos...	X	X	X
Conmemoracións da escola.	Samaín, agosto, nadal, entroido, dereitos da infancia...	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Christmas, Easter...	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

A mestra permanece atenta ás propostas dos equipos de Convivencia, Extraescolares, Dinamización, Biblioteca e Tics.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

NOTA: Con estes indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades e coordinación entre o profesorado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliar, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

9. Outros apartados

1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso danse unha serie de continxencias como unha charla, un contacontos, un obradoiro... que coinciden cunha sesión de inglés, estas sesións adicadas a algunha actividade complementaria ou extraescolar as veces dificultan acadar o número de sesións que temos establecido para cada unidade